



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al derrumbamiento del talud posterior de la Estación de Santo Estevo en Pantón.**

Los vecinos y vecinas de Santo Estevo acaban de denunciar importantes desprendimientos y la caída continua de agua en el talud posterior de la Estación de ferrocarril y sobre el que se apoya el camino de acceso a las viviendas. Así, debido principalmente a las importantes lluvias de los últimos meses, la estructura ha sufrido un importante deterioro, afectando también a la vía situada justo encima de la entrada de la estación, que presenta un importante riesgo de derrumbarse por completo, lo que implica un peligro para las personas que circulan, e implicaría dejar sin su única vía de acceso a las casas de la parte norte del núcleo de la Estación de Santo Estevo en la Parroquia de San Xoán de Frontón.

Debido a la elevada pluviosidad, incluso pueden apreciarse saltos de agua en la ladera, que siguen degradando y erosionando el talud incluso después del derrumbe ya producido. En el entorno de la estación también pueden apreciarse árboles caídos que deben retirarse. Asimismo, el tendido eléctrico en la zona también se ve afectado, debiendo repararse algunos de los postes para evitar su caída.

El agua además de arrastrar tierra, cenizas de los incendios y escombros, está afectando al terraplén situado tras el edificio de la estación, que presenta una profunda grieta en la parte superior y numerosos desprendimientos de tierras, por lo que es urgente iniciar trabajos de reparación o sujeción para evitar la caída total del muro y, con él, el del camino que sustenta.

Esta vía es el único acceso rodado al núcleo después de que fuesen anulados los pasos a nivel junto a la estación con la instalación por parte de ADIF de vallados metálicos. Resulta, por tanto, urgente garantizar la seguridad en el camino ya que, si se amplía el derrumbe, las casas y los vecinos y vecinas que residen en ellas quedarían completamente aislados.

**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**



1. ¿Tienen conocimiento el Ministerio de Transportes y ADIF de los daños producidos en el talud posterior de la Estación de Santo Estevo en Pantón como consecuencia de un derrumbe que está poniendo en riesgo la única vía de acceso al núcleo de viviendas y la seguridad de las personas que transitan por él?
2. ¿Ha realizado una inspección de los daños causados por el derrumbe, la escorrentía de agua y los árboles caídos? ¿De ser así, cuándo? ¿Cuál ha sido el resultado?
3. ¿Cuándo se realizaron las últimas acciones para el mantenimiento del terraplén? ¿En qué consistieron?
4. ¿Acometerá ADIF la reparación urgente del talud para asegurar el camino y evitar su colapso total?
5. ¿Realizará un estudio de la situación actual del muro posterior y acometerá un proyecto de reparación integral que tenga en consideración el mantenimiento del camino superior?
6. ¿Es consciente de que este es el único acceso a las viviendas después de que fuesen anulados los pasos a nivel junto a la estación con la instalación por parte de ADIF de vallados metálicos?

Madrid, a 16 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

16 FEB. 2026 11:20:10

Entrada **99830**

# Sobre o derrubamento do talude posterior da Estación de Santo Estevo en Pantón

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao derrubamento do talude posterior da Estación de Santo Estevo en Pantón.**

A veciñanza de Santo Estevo ven de denunciar importantes desprendementos e a caída continuada de auga, no talude posterior da Estación de ferrocarril e sobre o que se apoia o camiño que dá acceso ás vivendas. Así, debido principalmente as importantes chuvias dos últimos meses, a estrutura sufriu un importante deterioro, afectando tamén á estrada situada xusto enriba do noiro da estación, que presenta un importante risco de derrubarse por completo, o que implica un perigo para as persoas que circulan, e implicaría deixar sen a súa única vía de acceso ás casas da parte norte do núcleo da Estación de Santo Estevo nas Parroquia de San Xoán de Frontón.

Debido á elevada pluviosidade mesmo poden apreciarse saltos de auga na ladeira, que seguen a degradar e erosionar o talude mesmo despois do derrubamento xa producido. No entorno da estación tamén pode apreciarse árbores caídas que deberan ser retiradas. Así mesmo, o tendido eléctrico na zona tamén está afectado, debendo repararse algúns dos postes para evitar a súa caída.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

16 FEB. 2026 11:20:10

Entrada **99830**



A auga ademais de arrastrar terra, cinzas dos incendios, e cascallos, está a afectar ao noiro situado detrás do edificio da estación, que presenta unha fonda fenda na parte superior e numerosos desprendementos de terras, polo que é urxente iniciar traballos de reparación ou suxeición para evitar a caída total do muro e, con ela, a do camiño que sustenta.

Esta vía é o único acceso rodado ao núcleo despois de que fosen anulados os pasos a nivel ao lado da estación coa instalación por parte de ADIF de valados metálicos. Resulta pois urxente garantir a seguranza no camiño, pois, de ampliar o derrubamento as casas e a veciñanza que nelas residen quedarían completamente illados.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Ten coñecemento o Ministerio de Transportes e ADIF dos danos producidos no talude posterior da Estación de Santo Estevo en Pantón como consecuencia dun derrubamento que está a pór en risco o único camiño de acceso ao núcleo de vivendas e a seguranza das persoas que circulan por este?
2. Realizou unha inspección dos danos causados polo derrubamento, a escorrentía de auga e a caída de árbores? De ser así cando? Cal foi o resultado?
3. Cando foron realizadas as últimas accións para o mantemento do noiro? En que consistiron?
4. Acometerá ADIF a reparación urxente do talude para asegurar o camiño e evitar o derrubamento total do mesmo?



5. Fará un estudo da actual situación do muro posterior e acometerá un proxecto de reparación integral que teña en consideración o mantemento do camiño superior?
6. É consciente de que este é o único acceso ás vivendas despois de que fosen anulados os pasos a nivel ao lado da estación coa instalación por parte de ADIF de valados metálicos?

Madrid, a 16 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**